22.11.2024 | 21:00 | CONCATEDRAL DE STA. M.ª DE VIGO

ALBERTO PAVONI

BIO

Alberto Pavoni (1959) debutou como pianista aos nove anos no Teatro Olímpico de Roma. Obtivo o diploma en Órgano e Composición Organística, coa máxima cualificación, no Conservatorio de Frosinone (1981), na Hochschule de Viena (1988) e, con honores, na Hochschule de Lübeck (1993). Foi primeiro premio absoluto no Concurso organístico nacional de Noale (1985) e no TIM – Torneo Internacional de Música de Roma (1992). Ten desenvolvido unha intensa actividade concertística como solista ao órgano e ao clavecín, actuando en instrumentos de prestixio como os da Catedral de San Paulo de Londres, do Central Hall de Westminster ou da Catedral de Santa María en Toquio. Ademais de en Italia e na Cidade do Vaticano, actuou en Austria (onde, entre outras cousas, interpretou como solista ao clavecín varios concertos de Bach no Musikverein de Viena), Alemaña, Suíza, España, Gran Bretaña, Holanda, Polonia, Dinamarca, Suecia, Finlandia, Rusia, Estonia, Letonia, Ucraína, Xapón, Corea do Sur, Estados Unidos, Perú e Arxentina. Ten colaborado con diversas orquestras, entre elas a da Academia Nacional de Santa Cecilia de Roma. Gravou para a Radio Nacional Austríaca, na Tonhalle de Zúric e en Toquio. En Viena, gravou un traballo monográfico (*Inferno*) dedicado a Max Reger, autor do que é considerado un dos principais especialistas. É autor de adaptacións para órgano de pezas orquestrais célebres, que executou en concerto con grande éxito de público e crítica, en particular *Unha noite no Monte Pelado* de Musorgskii, gravada en Toquio (1992) e en Viena (1994), e o *Concerto para violonchelo* de Schumann, gravado na Tonhalle de Zúric. Como compositor, encargouse dos arranxos musicais para o espectáculo teatral *Shooting Romeo and Juliet*, representado na prisión de Rebibbia en Roma; para a edición de 2012 do Newport Music Festival (Estados Unidos), arranxou unha versión para frauta, viola, violonchelo e piano do poema sinfónico *La Mer* de Debussy. É tamén autor de diversas bandas sonoras para documentais da RAI – Radiotelevisión italiana. É titular da cátedra de Órgano no Conservatorio «Santa Cecilia» de Roma.

PROGRAMA

— **G. Frescobaldi (1583-1643)**
Aria detta «la Frescobalda»

— **G. Morandi (1777-1856)**
Allegro deciso

— **J. S. Bach (1685-1750)**
Concerto para órgano en la menor, BWV 593
I. Allegro
II. Adagio
III. Allegro
Transcrición do *Concerto para dous violíns, op. 3 n.º 8*, de A. Vivaldi

— **C. Franck (1822-1890)**
Grande pièce symphonique, op. 17
I. Andantino serioso — Quasi ad libitum — a tempo — Allegro non troppo e maestoso
II. Andante — Allegro — Andante
III. Allegro non troppo e maestoso — Beaucoup plus largement que précédemment